

**EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE AGOSTO DE 2018.**

**Alcalde:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Accidental:**

D. SALVADOR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.

**Interventor:**

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

**Non asisten:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA Nº 33 DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 06 08 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. núm. 33/2018 do día 6 de agosto de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 4003/2018. APROBACIÓN DE INFORME URBANÍSTICO.**

Acordouse aprobar o informe do arquitecto técnico de data 02/08/2018 sobre información urbanística dunha parcela no lugar de Delaparte, parroquia de Goiás en Lalín, con referencia catastral 3854101NH7235S0001MU.

**3.- EXPEDIENTE 2833/2018. APROBACIÓN DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN DO ANTIGO COLEXIO MANUEL RIVERO E EXPLANACIÓN DA SÚA PARCELA [DUSI].-**

Acordouse aprobar o proxecto denominado “DEMOLICIÓN DO ANTIGO COLEXIO MANUEL RIVERO E EXPLANACIÓN DA SÚA PARCELA”.

**4.- EXPEDIENTE 3540/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA TRABALLOS VARIOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS: CAMPO DE FÚTBOL DE BARCIA, ESTADIO MANUEL ANXO CORTIZO E ACONDICIONAMENTO PRAIA FLUVIAL DE VILATUXE.-**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 12.050,00 € máis 2.530,50 € correspondentes á partida do IVE (14.580,50 € IVE incluído) con cargo ás aplicacións orzamentarias do orzamento municipal vixente 2018/ 0 / 342 /21200 /01 e 342/21000 para a realización dos seguintes traballos:

- Praia fluvial de Vilatuxe.

Acondicionamento xeral do recinto, preparación de zona verde, campo deportivo de area, segas, nivelado, poda de árbores etc.

- Campo de fútbol de Barcia.

Ancoraxes de porterías desmontables (bases de formigón), reparacións en vestiarios, cerres, portas metálicas e cadeas de entrada.

- Campo de fútbol Manuel Anxo Cortizo.

Reparación de porterías, redes, banderíns e varandas.

**5.- EXPEDIENTE 4207/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA REEDICIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL DE TURISMO.-**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 8.260,00 € máis 1.734,60 € correspondentes á partida de IVE (9.994,60 € IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018/ 0/ 432/ 22609/ 01 para Contratar a realización dos traballos de “*Reedición de materiais: trípticos varios Concellería de Turismo*”, por importe de 9.994,60 € (IVE incluído).

**6.- EXPEDIENTE 4039/2018. CONCESIÓN DE TARXETA ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE N° 11/2018.-**

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 11/2018.

**7.- EXPEDIENTE 4133/2018. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE N° 12/2018.**

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 12/2018 con carácter definitivo.

**8.- EXPEDIENTE 4130/2018. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE N° 13 2018.**

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 13/2018.

**9.- EXPEDIENTE 3849/2018. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE N° 14 2018.**

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 14/2018.

**10.- EXPEDIENTE 4260/2018. SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA N° 16 2018.**

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 16/2018.

**11.- EXPEDIENTE 4200/2018. SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE N° 15 2018.-**

Acordouse conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 15/2018.

**12.- EXPEDIENTE 4199/2018. ALTA NO PROGRAMA XANTAR NA CASA.**

Acordouse proceder á ALTA no Programa Xantar na casa da seguinte unha persoa usuaria.

**13.- EXPEDIENTE 3916/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE FEIRA DE OPORTUNIDADES.**

Acordouse conceder autorización municipal para a celebración da Segunda Feira de Oportunidades os vindeiros días 1 e 2 de setembro de 2018, colocación de haimas na rúa Xoaquín Loriga e peche da rúa a partir das 14:00 horas do día 31/08/2018.

**14.- EXPEDIENTE 4064/2018. DENEGACIÓN DE AXUDA DE INCLUSIÓN SOCIAL.**

Acordouse denegar a concesión da axuda de inclusión social solicitada, por non cumprir co requisito establecido no artigo 9 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Concesión de Axudas de Inclusión Social.

**15.- EXPEDIENTE 4235/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CELEBRACIÓN DE CAMPAÑA "ALIMENTACIÓN SALUDABLE GADIS".**

Concedese autorización para a celebración da campaña “Alimentación Saludable”, campaña gratuíta que pretende chegar a todos os cidadáns unha serie de consellos para o mantemento de hábitos de vida saudables.

**16.- EXPEDIENTE 1523/2018. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DE A ROMEA". PLAN CONCELLOS 2018-2019 (ANUALIDADE 2018). LIÑA 1.**

Dáse conta da resolución remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra (nº rex. 5771 de 30/07/2018) pola que se concede ao Concello de Lalín a seguinte subvención ao abeiro da Liña I do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019:

INVESTIMENTO SUBVENCIONADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
Adquisición de terreos para a ampliación do Cemiterio Municipal de A Romea, vencellado á Modificación Puntual Nº 13 do PXOM de Lalín.	90.000,00 €

A Xunta de Goberno Local quedou enterada do mesmo.

**17.- EXPEDIENTE 419/2018. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL. IOBE 2018-2019.**

Dáse conta da resolución remitida pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria (nº rex. 6027 de 10/08/2018) pola que se concede ao Concello de Lalín a seguinte subvención ao abeiro da Orde de 19 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2018 (DOG nº 28 de 08/02/2018):

MANTEMENTO			
Nº técnicos	Data de inicio	Duración	Importe subvención
1	01/02/2018	12 meses	25.000,00 €

A Xunta de Goberno Local quedou enterada do mesmo.

**18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4275/2018. APROBACIÓN DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00045 por importe de 122.466,67 €.

**19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4281/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA XORNADAS DE TURISMO SOSTIBLE: II SEMINARIO APÍCOLA DE ZOBRA.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 2.644,40 €, máis 555,32 € correspondentes á partida de IVE, (3.199,72 € IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018/ 0/ 432/ 22609/ 02. para a realización dos traballos “II SEMINARIO APÍCOLA DE ZOBRA DO 23 AO 26 DE AGOSTO”.

**20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2321/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NO PAZO DE LIÑARES: CONCERTO ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 2.231,40 €,

máis 468,59 € correspondentes á partida de IVE (2.699,99 € IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018/ 0/ 338/ 22609/ 01 para a realización dos traballos “Concerto ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS no Pazo de Liñares o venres 7 de setembro”.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son **as 19:50 horas** do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Accidental, dou fe.